

Estudo Salarios. Salarios nas fontes tributarias

Último ano incluído: 2022

Resumo de resultados 15/12/2023

ÍNDICE

Introdución	1
Salario medio anual. España e Galicia	2
Percepcións salariais segundo o grupo de poboación ao que pertencen as persoas asalariadas. Galicia	3
Salario medio anual por ramas de actividade. España e Galicia	4
Persoas asalariadas e percepcións salariais por grupos de idade. España e Galicia	5
Salario medio anual por sexo e grupos de idade. Galicia	7
Datos provinciais	9
Salario medio anual por provincias	9
Tramos de salario. Índice de Gini por sexo e por provincias	10
Definicións, fontes e máis información	12

Introdución

Neste apartado utilízase a estatística “*Mercado de traballo y Pensiones en las fuentes tributarias*” realizada pola Axencia Tributaria para facer unha análise dos salarios dende a óptica do perceptor, utilizando como variables de clasificación a provincia e a Comunidade Autónoma, o sexo, a idade, a rama de actividade e os tramos de salario. A estatística achega información desde o ano 1999 ata o ano 2022.

A estatística ten carácter censual e está baseada nas declaracións anuais do Modelo 190 que presentan todas as persoas físicas, xurídicas e demais entidades que, estando obrigadas a reter ou ingresar a conta polo imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, satisfagan ou abonen algunha renda no ano de referencia da estatística.

Esta estatística permite coñecer o perfil demográfico da poboación asalariada por sexo, a masa salarial por tramos de idade e polo tanto, o salario medio para cada tramo. Ademais, tamén proporciona a clasificación dos asalariados para 10 ramas de actividade co seu correspondente salario medio.

Á hora de interpretar os resultados debe terse en conta que nesta estatística ao longo do ano as persoas poden obter percepcións salariais de máis dunha empresa e dous ou máis tipos de percepcións¹. Ademais o número de asalariados anuais calcúlase como a suma de persoas que ao longo do ano tiveron algunha percepción salarial; e o salario medio anual como a suma dos salarios anuais dividida polo número de asalariados. En consecuencia, o salario medio anual tende a ter un nesgo á baixa en comparación con outras estatísticas nas que o denominador é o número de asalariados calculado como media anual. Un incremento da temporalidade, por exemplo, fará que o salario medio calculado neste apartado diminúa máis que un salario por hora traballada.

¹As persoas asalariadas poden clasificarse segundo o grupo de poboación ao que pertencen. Estes grupos son os seguintes: poboación que só percibe salario, poboación que percibe salario e pensión, poboación que percibe salario e prestación por desemprego e poboación que percibe salario, pensión e prestación por desemprego. Para cada un destes grupos pode calcularse o salario medio anual.

Salario medio anual. España e Galicia

No ano 2022 rexístrase o salario medio anual máis alto da serie desta estatística en Galicia (21.999 euros). O número de persoas que recibiron un salario en 2022 incrementouse ata os 1.067.825 e tamén aumenta a retribución total, que alcanza o seu máximo na serie temporal. O salario medio anual rexistrou unha alza en Galicia de 1.213 euros, cando en España se incrementou en 1.262 euros (pasa de 21.519 euros a 22.781 euros).

Desde o ano 2007 as diferenzas entre o salario medio anual en Galicia e en España reducíronse. Esta diferenza marcou o máximo no ano 2007 (1.344 euros anuais) e o mínimo no ano 2020 (603 euros anuais). En Galicia, o ano 2014 foi o último ano con decrecemento do salario medio e, desde esa data, o salario medio anual medrou máis que en España.

O salario medio anual das mulleres medrou 1.086 euros no ano 2022, mentres no caso dos homes fíxoo en 1.367 euros. Este comportamento é similar ao ocorrido no conxunto do Estado no que tamén se produce un maior crecemento dos salarios medios anuais dos homes. Esta evolución incrementa a diferenza entre os salarios medios de homes e mulleres, que en 2022 se sitúa en 4.519 euros anuais en Galicia e 4.999 euros en España. O salario medio das mulleres galegas, aínda que é máis baixo que o español, aproxímase máis ao da media de España que no caso dos homes.


Salario medio anual. Ambos sexos. España e Galicia

Unidade: Euros

	Ambos sexos		Homes		Mulleres	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
1999	12.719	11.869	14.547	13.092	9.806	9.704
2000	13.279	12.230	15.239	13.554	10.266	10.011
2001	13.932	12.763	16.038	14.249	10.811	10.378
2002	14.370	13.241	16.588	14.834	11.175	10.783
2003	14.963	13.672	17.198	15.333	11.838	11.216
2004	15.658	14.355	17.964	16.155	12.424	11.727
2005	16.018	14.887	18.321	16.742	12.800	12.225
2006	16.849	15.678	19.314	17.671	13.497	12.911
2007	18.087	16.743	20.750	18.852	14.568	13.898
2008	18.996	17.736	21.596	19.932	15.620	14.856
2009	19.085	18.217	21.433	20.271	16.110	15.594
2010	19.113	18.314	21.449	20.408	16.209	15.704
2011	19.102	18.271	21.422	20.393	16.264	15.688
2012	18.601	17.737	20.876	19.865	15.872	15.227
2013	18.505	17.770	20.647	19.820	15.956	15.383
2014	18.420	17.729	20.537	19.746	15.917	15.414
2015	18.645	17.839	20.779	19.899	16.143	15.501
2016	18.835	18.114	21.026	20.243	16.281	15.730
2017	19.172	18.463	21.417	20.554	16.568	16.123
2018	19.809	19.159	22.095	21.327	17.180	16.755
2019	20.566	19.879	22.875	22.038	17.927	17.511
2020	20.503	19.900	22.640	21.887	18.047	17.720
2021	21.519	20.786	23.724	22.818	19.011	18.580
2022	22.781	21.999	25.137	24.185	20.138	19.666


Salario medio anual. Ambos sexos. España e Galicia

Unidade: Euros



Salario medio anual segundo o sexo. España e Galicia

Unidade: Euros



Percepcións salariais segundo o grupo de poboación ao que pertencen as persoas asalariadas. Galicia

Persoas asalariadas, percepcións salariais e retencións segundo o grupo de poboación. Galicia

Unidade: Persoas, euros, porcentaxe


Da poboación que recibiu rendas salariais en Galicia, máis de 856 mil galegos recibiron en 2022 só este tipo de rendas. Neste ano destaca o descenso do colectivo que percibiu rendas salariais e prestacións de desemprego, nas que se inclúen as que proveñen dos expedientes de regulación temporal de emprego (ERTE). A porcentaxe de persoas asalariadas que só reciben rendas salariais sitúase no 80,2 %, mentres o 15,6 % do colectivo de asalariados percibiu prestacións por desemprego en 2022.

O tipo medio de retención situouse no 15,29%, isto é, incrementouse en máis de medio punto con respecto ao ano anterior. No colectivo que percibe rendas salariais e pensións o tipo é máis alto (16,05 %).

	2020	2021	2022
Total			
• Persoas	1.023.742	1.042.813	1.067.825
• Retribucións (miles de €)	20.372.460	21.676.121	23.491.180
• Retribución anual media (€)	19.900	20.786	21.999
• Retencións (miles de €)	3.003.739	3.191.257	3.590.961
• Tipo de retención (%)	14,74	14,72	15,29
Asalariados			
• Persoas	638.805	777.923	856.766
• Retribucións (miles de €)	15.430.214	18.364.303	20.612.538
• Retribución anual media (€)	24.155	23.607	24.059
• Retencións (miles de €)	2.487.376	2.869.130	3.280.978
• Tipo de retención (%)	16,12	15,62	15,92
Asalariados e pensionistas			
• Persoas	38.808	42.335	44.255
• Retribucións (miles de €)	626.212	699.025	765.981
• Retribución anual media (€)	16.136	16.512	17.308
• Retencións (miles de €)	101.214	109.382	122.959
• Tipo de retención (%)	16,16	15,65	16,05
Asalariados e desempregados			
• Persoas	335.275	215.945	162.014
• Retribucións (miles de €)	4.198.652	2.548.592	2.063.076
• Retribución anual media (€)	12.523	11.802	12.734
• Retencións (miles de €)	404.212	207.553	182.973
• Tipo de retención (%)	9,63	8,14	8,87
Asalariados, pensionistas e desempregados			
• Persoas	10.854	6.610	4.790
• Retribucións (miles de €)	117.382	64.201	49.584
• Retribución anual media (€)	10.815	9.713	10.352
• Retencións (miles de €)	10.936	5.191	4.051
• Tipo de retención (%)	9,32	8,09	8,17


Retribución anual media procedente de salarios e tipo de retención. Galicia

Unidade: Euros, porcentaxe



Persoas asalariadas segundo o grupo de poboación ao que pertencen. Galicia

Unidade: Porcentaxe



Salario medio anual por ramas de actividade. España e Galicia

En Galicia, no ano 2022 o maior salario medio rexístrase no sector das Entidades financeiras e aseguradoras e o menor nos Outros servizos persoais e de ocio. Con respecto a 2021 medra o salario medio anual en todos os sectores.

En canto ás diferenzas de nivel no salario medio por sectores, Galicia supera a España no sector primario (no que o emprego asalariado ten pouca entidade en Galicia) e no sector da Construción. No resto de sectores o salario medio anual é superior en España, e as maiores diferenzas prodúcense en Entidades financeiras e aseguradoras e Información e comunicacións. As diferenzas máis pequenas están no Comercio, reparacións e transporte; e en Servizos sociais.


Salario medio anual por sectores. España e Galicia

Unidade: Euros

Sector	2018		2019		2020		2021		2022	
	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia	España	Galicia
Total sectores	19.809	19.159	20.566	19.879	20.503	19.900	21.519	20.786	22.781	21.999
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	7.726	15.991	8.284	15.792	8.411	15.619	9.037	16.507	9.803	17.786
Industria extractiva, enerxía e auga	28.986	28.923	29.258	29.021	29.799	29.233	29.990	29.780	32.117	31.070
Industria	24.112	21.783	24.752	22.570	24.188	21.870	25.442	22.903	26.673	24.462
Construción e actividades inmobiliarias	18.287	18.379	19.196	19.233	18.716	18.868	19.979	19.953	21.141	21.218
Comercio, reparacións e transporte	18.623	18.092	19.162	18.845	18.446	18.227	19.695	19.238	21.094	21.001
Información e comunicacións	30.796	24.394	31.801	25.112	32.645	25.771	33.566	26.625	35.253	27.708
Entidades financeiras e aseguradoras	38.758	32.017	43.763	34.932	43.955	34.417	43.982	34.889	45.431	35.680
Servizos ás empresas	17.652	15.025	18.340	15.621	18.347	15.593	19.285	16.331	20.206	16.958
Servizos sociais	23.924	23.959	25.366	25.281	26.225	26.074	26.722	26.720	28.201	27.985
Outros servizos persoais e de ocio	11.194	9.632	11.615	9.967	9.342	8.500	10.844	9.657	12.718	11.109

Salario medio anual por sectores. España e Galicia. Ano 2022

Unidade: Euros




Persoas asalariadas e percepcións salariais por grupos de idade. España e Galicia

Nos seguintes gráficos amósase a estrutura comparada das persoas asalariadas e da masa salarial por grupo de idade de Galicia e España. O grupo de idade máis numeroso é o que vai dos 46 a 55 anos, tanto en Galicia como en España, porén a porcentaxe que representa este grupo é superior en Galicia. Isto ocorre cos grupos de maior idade en detrimento dos de menor idade, nos que a porcentaxe en España é maior: no grupo de idade de 18 a 25 anos concéntrase o 8,4 % das persoas asalariadas en Galicia por un 11,0 % en España.


Persoas asalariadas por grupos de idade. España e Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe




Masa salarial por grupos de idade. España e Galicia. Ano 2022

Unidade: porcentaxe




Coa representación en forma de pirámide de idades da masa salarial e das persoas asalariadas por sexo, preténdese amosar nunha imaxe fixa as diferenzas estruturais demográficas entre Galicia e o conxunto de España na composición da poboación asalariada por idades e sexo e o correspondente reparto da masa salarial entre os grupos de persoas asalariadas.

Pirámide coa comparación do volume de persoas asalariadas e a masa salarial por sexo e grupos de idade. Galicia. Ano 2022



Pirámide coa comparación do volume de persoas asalariadas e a masa salarial por sexo e grupos de idade. España. Ano 2022



As observacións máis salientables resúmense nos seguintes puntos:

- A poboación asalariada galega está máis envellecida que a española. A proporción da poboación asalariada que ten máis de 55 anos supera á media española en 1,2 puntos porcentuales. En contraste, os novos (menores de 36 anos) teñen maior peso en España que en Galicia: un 31,4% fronte a un 27,1%.

- Na poboación nova asalariada (menor de 36 anos) existe unha gran diferenza entre o peso da súa masa salarial e o peso poboacional no conxunto de persoas asalariadas: en Galicia esta diferenza é de 9,1 puntos e en España de 10,6 puntos. En Galicia implica que o 27,1% da poboación asalariada recibe o 18,0% da masa salarial.

- No resto de grupos de idade a proporción de masa salarial supera á de poboación, sendo o grupo de 46 a 55 anos o que presenta unha situación máis favorable: o 28,0% das persoas asalariadas absorben o 32,6% da masa salarial.

- Por sexos, no grupo de 36 a 45 anos as mulleres (13,2% da poboación asalariada) perciben o 12,1% da masa salarial.

- Pola contra, no grupo de 46 a 55 anos, os homes (14,4% da poboación asalariada) perciben o 18,8% da masa salarial.

Salario medio anual por sexo e grupos de idade. Galicia

Salario medio anual por sexo e grupos de idade. Galicia

Unidade: Euros


Idade	Ambos sexos			Homes			Mulleres		
	2020	2021	2022	2020	2021	2022	2020	2021	2022
Total idade	19.900	20.786	21.999	21.887	22.818	24.185	17.720	18.580	19.666
Menor de 18 anos	2.224	1.892	1.843	2.523	2.218	2.119	1.765	1.468	1.515
De 18 a 25 anos	7.149	7.439	7.948	8.068	8.306	8.821	6.073	6.439	6.969
De 26 a 35 anos	15.342	16.590	17.854	16.342	17.540	18.810	14.297	15.604	16.871
De 36 a 45 anos	20.258	21.244	22.553	22.320	23.373	24.819	18.079	19.014	20.210
De 46 a 55 anos	23.199	24.212	25.635	25.820	27.025	28.684	20.308	21.155	22.388
De 56 a 65 anos	24.937	25.525	26.815	27.084	27.702	29.310	22.407	23.008	24.008
Maior de 65 anos	21.157	22.471	23.618	25.536	26.309	27.323	15.105	17.253	18.779

Por idade, todos os colectivos teñen un salario medio anual superior ao rexistrado en 2021, coa excepción dos asalariados menores de 18 anos. A maior subida porcentual atopámola no grupo de idade de 26 a 35 anos, cun incremento do 7,6 %.

O salario medio é superior nos homes en todos os niveis de idade, porén as diferenzas reducíronse nos dous grupos de idade máis baixos e no grupo máis alto. En 2022 tanto no caso dos homes como no caso das mulleres, produciuse unha suba do salario medio en todos os grupos de idade coa excepción do grupo que recolle aos menores de 18 anos. En 2022 neste grupo hai 2.556 asalariados, dos 1.067.825 asalariados totais.


Salario medio anual por grupos de idade. Ambos sexos. Galicia

Unidade: Euros




Salario medio anual por grupos de idade. Homes. Galicia

Unidade: Euros



Salario medio anual por grupos de idade. Mulleres. Galicia

Unidade: Euros



Datos provinciais

Salario medio anual por provincias

Ata o ano 2022 o perfil da evolución do salario medio anual é similar nas catro provincias: forte crecemento ata o ano 2008, moderación nos anos 2009 e 2010 e diminución ata o ano 2013, no que o salario medio se estabiliza con lixeiras variacións á alza ou á baixa. Desde 2015 rexístranse crecementos nas catro provincias ata o ano 2019. No ano 2022 o comportamento é positivo nas catro provincias, sendo a provincia da Coruña a que rexistra un maior incremento porcentual do salario medio anual

A Coruña é a única provincia na que o salario medio supera á media galega; séguelle a bastante distancia Pontevedra e Lugo, sendo o nivel medio de Ourense inferior. No caso de Pontevedra no ano 2001 o salario medio aproximábase moito á media galega (189 euros anuais por enriba do dato para Galicia), no ano 2022 a diferenza amplíase e sitúase en 902 euros por debaixo da media galega.

Salario medio anual. Galicia e provincias


Unidade: Euros

	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
1999	11.869	12.508	10.966	10.990	11.682
2000	12.230	12.738	11.444	11.335	12.157
2001	12.763	13.403	11.963	11.766	12.574
2002	13.241	13.954	12.264	12.189	13.047
2003	13.672	14.369	12.715	12.660	13.474
2004	14.355	15.172	13.379	13.406	14.005
2005	14.887	15.729	13.933	13.940	14.494
2006	15.678	16.539	14.592	14.693	15.322
2007	16.743	17.629	15.754	15.736	16.339
2008	17.736	18.823	16.642	16.535	17.184
2009	18.217	19.395	17.273	17.039	17.489
2010	18.314	19.411	17.322	17.169	17.676
2011	18.271	19.404	17.243	17.105	17.605
2012	17.737	18.895	16.703	16.564	17.036
2013	17.770	18.988	16.703	16.532	17.034
2014	17.729	18.892	16.724	16.552	17.014
2015	17.839	18.972	16.806	16.595	17.184
2016	18.114	19.360	16.954	16.680	17.422
2017	18.463	19.539	17.409	17.109	17.898
2018	19.159	20.385	17.959	17.614	18.529
2019	19.879	21.208	18.648	18.280	19.160
2020	19.900	21.172	18.963	18.447	19.105
2021	20.786	22.000	19.823	19.398	20.046
2022	21.999	23.456	20.788	20.355	21.097

Evolución do salario medio anual.

Galicia e provincias


Unidade: Euros



Evolución do índice do salario medio anual.

Galicia e provincias

Unidade: (Ano 2000=100)




Tramos de salario. Índice de Gini por sexo e por provincias

A curva de Lorenz amosa graficamente a concentración do ingreso ou da riqueza dun espazo determinado (o máis usual é o conxunto de persoas ou fogares dun país ou rexión). Canto máis cerca esté a curva da recta que une os puntos (0,0) e (100,100), máis igualitaria será a distribución da renda, sendo o caso extremo cando a distribución coincida coa recta, na que todos os individuos percibirían a mesma renda. Cos datos obxecto de análise, relaciónanse as porcentaxes acumuladas de poboación asalariada coas porcentaxes acumuladas de masa salarial nun ano.

A partir da curva de Lorenz calcúlase o índice de Gini, que proporciona unha medida cuantitativa do grao de concentración dos ingresos (ou da riqueza) dun determinado país, rexión ou grupo social. Este coeficiente varía entre 0 e 1, onde o 0 indica a igualdade máxima e o 1 cando un só individuo acapara todo o ingreso. Polo tanto, este coeficiente permítenos facer comparacións no grao de desigualdade entre os grupos obxecto de estudo e a súa evolución no tempo.

Curva de Lorenz. España e Galicia



Coa información relativa aos 13 tramos de percepcións anuais por salario, determinados como múltiplos das percepcións mínimas interprofesionais anuais, calcúlase o índice de Gini para ter unha aproximación ao grao de desigualdade no tempo e no ámbito territorial (Galicia e provincias).

En primeiro lugar represéntase a curva de Lorenz de Galicia e de España. A imaxe das dúas curvas superpostas indica que a distribución salarial en España é lixeiramente máis desigual que en Galicia.

Se comenzamos polos salarios máis baixos, vese que en Galicia hai un 33,6 % da poboación asalariada que percibe un 10,5 % da masa salarial (en España o 36,5 % das persoas asalariadas percibe o 10,5 % da masa salarial) e que o 75,3 % absorbe o 48,3 % dos salarios en Galicia, e en España o 73,1 % do colectivo asalariado o 42,8 % da masa salarial.


Se nos situamos nas rendas salariais máis elevadas, en Galicia un 9,9 % das persoas asalariadas reciben o 28,5 % da masa salarial, en cambio en España un 11,9 % recibe o 34,6 % dos salarios totais.

As rendas salariais están máis concentradas en España que en Galicia, é dicir, a distribución do ingreso é menos desigual na nosa Comunidade autónoma.


Como se deduce do gráfico no que se representa o índice de Gini referido ao ano 2022, a desigualdade nos ingresos por salarios, é maior nas mulleres que nos homes nas catro provincias, sendo Lugo a que rexistra a diferenza máis elevada. Ou dito doutro xeito, as diferenzas salariais son máis elevadas nas mulleres asalariadas que nos homes asalariados.

En canto á evolución temporal, o grao de desigualdade redúcese no ano 2022, recuperando a tendencia mostrada desde 2017, que se interrompera no ano 2020.

Índice de Gini segundo o sexo. Provincias. Ano 2022



Evolución do índice de Gini en Galicia



Definicións, fontes e máis información

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Persoas asalariadas, percepcións salariais e salarios por idade e sexo. España, Galicia e provincias
- Grupos de poboación segundo a natureza das súas retribucións. España e Galicia
- Persoas asalariadas, percepcións salariais e salarios por sector e sexo (a partir de 2009). España, Galicia e provincias
- Persoas asalariadas, percepcións salariais e salarios por tramos de salario e sexo. España, Galicia e provincias

Fontes de información

Agencia Tributaria. Mercado de Trabajo y Pensiones en las fuentes tributarias